

CARLOS CASARES: OS INTELECTUAIS, OS ESCRITORES, A POLÍTICA

Damián Villalaín
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Resumo: Este artigo divide en tres etapas a traxectoria política e intelectual de Carlos Casares. A primeira estaría marcada non tanto pola relación con Vicente Risco como pola confluencia entre catolicismo e marxismo que se produce na Europa dos anos sesenta a partir do Concilio Vaticano II. A segunda sería a do descubrimento da socialdemocracia escandinava e a estreita colaboración política e intelectual co galeguismo europeísta de Ramón Piñeiro. Na terceira, Casares dedicará grande parte do seu tempo a afortalar o tecido institucional da cultura galega.

Abstract: This article divides the political and intellectual life of Carlos Casares into three separate parts. The first one is characterized not as much by his relationship with Vicente Risco but by the confluence of Catholicism and Marxism that took place in 1960s Europe after the II Vatican Council. The second one is marked by his discovery of Scandinavian social democracy and the close political and intellectual collaboration he had with Ramón Piñeiro's pro European galeguism. In the third and final part, Casares devoted a great amount of his time to strengthen the institutional structure of Galician culture.

Palabras chave: Carlos Casares, escritores, intelectuais, catolicismo, marxismo, Vicente Risco, Ramón Piñeiro, galeguismo, europeísmo, socialdemocracia.

Key words: Carlos Casares, writers, intellectuals, Catholicism, Marxism, Vicente Risco, Ramón Piñeiro, galeguism, europeism, social democracy.

I

A pesar de que Casares afirmou moitas veces que a súa visión da vida era “puramente narrativa” e que lle gustaba máis contar o mundo que pensar nel, o certo é que pensar, pensaba bastante. A súa admisión tolerante e liberal da pluralidade foi un traballado punto de chegada, non un suposto conxénito nin o resultado

dunha despreocupación pándega polos problemas teóricos, técnicos e empíricos que agroman unha e outra vez na actividade literaria e na relación do escritor coa sociedade e co mundo dos que forma parte. O talante de Casares, o seu tempero e inclinación vital era, en efecto, fundamentalmente “narrativo”, pero é case unha obviedade indicar que era tamén un home “reflexivo”, adxectivo que el utilizaba con moita frecuencia seguramente porque lle parecía menos altisonante, máis modesto e máis preciso que “filosófico”, palabra esta que, polo contrario, utilizaba moi pouco e só cando viña realmente ao caso.

Casares nin era nin pretendía ser “filósofo” nin “filosófico”, entre outras razóns porque respectaba moito o que el entendía como filosofía “seria”. Non obstante, atopaba con frecuencia escritores que si querían parecer filósofos ou filosóficos. Ás veces atribuíña isto a un sentimento non totalmente consciente de inferioridade intelectual que levaba aos escritores a adoptar as formas de expresión dos teóricos e dos académicos. El, porén, cría que os escritores tiñan, ou deberían ter, a súa propia linguaxe:

Cando vou a congresos, sempre me sorprende a teima que teñen os escritores de imitar os filósofos e os profesores. Fano fatal. Eu creo que os escritores temos a nosa propia linguaxe, que é máis metafórica que conceptual, pero que nos permite pensar a través dela e explicar o mundo e as cousas. Ese polo menos é o meu caso (Platas 1998).

A desconfianza de Casares cara á verbosidade teorizante dos escritores está estreitamente relacionada coa suspicacia que lle producía a identificación entre escritores e intelectuais. Esta tendencia a asimilar ambos roles é un trazo tradicional e mesmo caracterizador da vida cultural francesa –moito menos da anglosaxoa– que vai tamén arraigar con forza, case ata aparecer como un fenómeno *natural*, na cultura española do século XX. Na Galicia prebélica esta simbiose entre o escritor-artista e o pensador suspicaz que se proxecta socialmente como guieiro político, conciencia moral e intérprete entre histórico e telúrico das angueiras nacionais adquire un perfil nítido e moi rico nos principais representantes da Xeración Nós. A este prestixioso precedente autóctono únese desde os últimos anos da década de 1950 a renovada influencia que o mundo intelectual francés, coñecido a través de canles pouco menos que subterráneas, exerce sobre os xoves escritores galegos.

II

Como é sabido, sendo moi novo, un adolescente, Casares coñece e trata asiduamente a Vicente Risco, aínda que descoñece practicamente todo sobre o seu

pasado e sobre o papel que desempeñara no galeguismo previo á guerra civil. Arturo Lezcano, que foi quen os presentou, di que Risco actuou sobre Casares como “unha bomba de tempo”, apreciación que eu non comparto se Lezcano se refire con isto, que non o sei exactamente, a unha posible influencia intelectual que se iría manifestando paseniñamente ao longo dos anos. Eu creo que Risco deixa en Casares unha forte e multiforme pegada que, porén, non se traduce na asunción por parte de Casares de ningunha das ideas verdadeiramente conformadoras do pensamento de Risco. Risco supón para Casares unha experiencia afectiva e unha especie de fascinante shock cultural. E se hai algunha influencia, esta é sobre todo literaria. E case sería máis xusto dicir literario-xornalística, pois é o Risco escritor de xornal o que máis interesou sempre a Casares, por máis que valorase altamente as audacias innovadoras de *O porco de pé*. Pero a pegada de Risco sobre o pensamento político de Casares ou sobre a súa concepción de Galicia e de España, da cultura, do nacionalismo, da tradición, da relixión ou da vida mesma é practicamente nula. Aquí, con todo, é admisible un matiz: Risco dálle moito que pensar a Casares. Dálle que pensar sobre os intelectuais, sobre o seu papel e responsabilidade, sobre a importancia non só das súas palabras e das súas ideas, senón tamén das súas personalidades, teimas e desexos. Dálle que pensar sobre o carácter esencialmente conflitivo e contradictorio dos seres humanos, sobre a súa capacidade para a coraxe ou para o medo, sobre a cegueira potencialmente destrutiva da historia, sobre o moito ou pouco sentido que esta poida ter. Todas estas cousas, que aparecerán tornasoladas en *Deus sentado nun sillón azul*, teñen orixe na experiencia risquiiana de Casares. Agora ben, esta experiencia directa, puramente humana, do Vicente Risco de carne e óso vaise completar pouco despois coa avaliación do rol histórico, político e cultural de Risco. E esta avaliación, que quere ser obxectiva e independente dos afectos persoais, vaina facer Casares da man de Ramón Piñeiro.

Piñeiro é a persoa máis determinante na formación intelectual e política de Casares. Determinante e persistente, pois desde que se coñecen en 1963 ata que Piñeiro morre en 1990, manteñen unha relación de estreita e mesmo íntima amizade. El, e non Risco, é quen lle proporciona as primeiras informacións sobre a historia do galeguismo e quen o pon ao tanto dos novos rumbos federalistas e posnacionalistas que, ao amparo dos proxectos europeístas en marcha, se propoñen desde Galaxia. El é quen tutela, con dificultades e tensións, a primeira etapa da vida intelectual de Casares. Dificultades e tensións que veñen dadas porque é tamén Piñeiro quen ten que poñer toda a súa paciencia, experiencia vital e autoridade intelectual, ao tempo que un fondo respecto e comprensión, para afastar a Casares da inevitable tentación comunista que marca esta primeira etapa casariana. Digo inevitable por dúas razóns: a primeira é unha razón que podería

catalogarse como biolóxica, pois é ben coñecida a tendencia dos rapaces máis inquedos e sensibles a urxir solucións definitivas e aparentemente lóxicas e perfectas para lacras como a inxustiza, a opresión, a miseria, a cobiza, a explotación, o egoísmo... Desde a Revolución bolchevique de hai cen anos non houbo ningunha xeración en Europa que non se sentise en maior ou menor grao interpelada pola chamada do cambio revolucionario, pola inauguración dun mundo radicalmente novo e mellor implícito na idea comunista.

A segunda razón ten que ver coa experiencia do franquismo, entrelazada no caso dos estudantes universitarios dos anos sesenta coa influencia que sobre eles exercen experiencias como o socialismo nacionalista alxerino, a guerra de Vietnam e sobre todo a revolución cubana e os seus intentos de exportación a África e a Latinoamérica a través da figura xa daquela icónica de Ernesto Che Guevara. Tamén reciben, se ben de forma diferida, parcial e limitada pola censura, os ecos da situación intelectual francesa xurdida da vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial. Dominado no campo da esquerda por figuras como Enmanuel Mounier, Maurice Merleau-Ponty ou Jean-Paul Sartre, por revistas como *Esprit* ou *Le Temps Modernes*, ese conglomerado intelectual abala entre o catolicismo inconformista, o existencialismo e o marxismo, fai do compromiso un imperativo moral e exhibe unha preocupación case obsesiva por situarse na boa dirección da Historia, entendida esta como unha especie de tribunal metafísico que substitúe –ou substituirá, cando se realice– ao vello e decaído Deus no cometido de sinalar aos elixidos e aos condenados.

Nun libro brillante, desmitificador e polémico que creo que lle tería gustado moito a Casares, o historiador británico Tony Judt reconstruíu a paisaxe intelectual francesa no período que transcorre entre 1944 e 1956 (2007). A súa lectura desde esta fisterra europea pode resultar sumamente instrutiva para recoñecer a matriz *rivegauchista* de moitos dos hábitos, convencións e ideas recibidas que formaron –ou forman– parte da vida política e intelectual da esquerda galega, e en xeral española, se ben como modesto eco provincial de orixes xa semiesquecidas. Casares, igual que o resto de membros da súa xeración, vive con intensidade a época do compromiso do intelectual segundo os requirimentos franceses. O compromiso do escritor debe ser integral, non simplemente literario, senón tamén social e político. Esixe do escritor talvez non a adhesión partidaria militante, pero si o posicionamento ideolóxico ou, cando menos, o constante pronunciamento sobre toda clase de asuntos, desde problemas locais e conflitos episódicos ata as concepcións do mundo e o sentido da historia. Calquera fenómeno, sexa cal sexa o seu rango, pode ser procesado e desvelado na súa esencia de modo en aparencia coherente a través da aplicación de axiomas ideolóxicos nos que conflúen ata a confusión principios éticos derivados do catolicismo inconformista e do comunismo. O

escritor, en canto intelectual comprometido, e por tanto responsable, ten a obriga moral e política de actuar como testemuña, condición que non é incompatible co desempeño simultáneo dos papeis de fiscal (ou avogado) e xuíz. Do que se dá testemuño, o que se fiscaliza e o que finalmente se xulga e condena é a sucidade inaceptable do mundo occidental xurdido da vitoria anglo-americana na Segunda Guerra Mundial. É o mundo das democracias liberais, que rexorden vitoriosas e fortalecidas despois do inclemente asedio e descrédito ao que foran sometidas nos anos vinte e trinta desde os deseños totalitarios do fascismo e do comunismo.

A pesar do pacto que, entre os anos 1939 e 1941, fixo socios a nazis e soviéticos e a pesar do carácter e as prácticas dos réximes comunistas impostos despois da guerra no Leste europeo, o prestixio do comunismo entre os intelectuais franceses é, tras a liberación, maior que nunca. Isto é así en primeiro lugar por un feito obxectivo: os comunistas de toda Europa e a propia URSS asumiran uns enormes custes e sacrificios na resistencia e na guerra antifascista, de cuxa épica se apropian. Por outra parte, os intelectuais parisinos de esquerda están seguros de que o tribunal da Historia xa ditou sentenza: a única actuación historicamente racional e xusta é a de acompañar ao proletariado e, xa que logo, aos estados nos que o partido do proletariado conquistou o poder, na viaxe emprendida cara ao triunfo definitivo da revolución. A aposta comunista foi unha especie de acto de fe nunha teleoloxía histórica derivada do marxismo que tiña por forza que ignorar evidencias como os campos de concentración, os xuízos de escarmento e o estado policial¹. Certamente non tardaron en aparecer no propio campo da esquerda intelectuais que cuestionaron estes consensos e xustificacións. Foi este o caso de Albert Camus, expulsado tras a súa polémica con Sartre ás tebras exteriores da comunidade intelectual parisina, e que tanta admiración política e moral, xa non só literaria, acabaría por suscitar en Casares.

A experiencia antifranquista e as frustracións que a Transición implicou para diversos sectores da esquerda contribuíron a prolongar entre nós esta impronta do *engagement* francés. En Galicia únense a esta situación común a toda España as diversas problemáticas vinculadas ás cuestións de índole autonómica e nacional, ou nacionalista, que semellan crear un subcampo específico de debates nos que a participación dos escritores é polo menos tan ampla como a de políticos, académicos e xornalistas.

Casares chega á Universidade de Santiago sendo un rapaz católico, probablemente un dos rapaces galegos máis e mellor informados sobre os debates que se están a producir en Roma durante a celebración do Concilio Vaticano II. Infórmasse a través de revistas como a francesa *Témoignage Chrétien* e a barcelonesa *El*

1 Judt (2007: 164) fala a este respecto de “ejercicio de anestesia moral colectiva”.

Ciervo e admira enormemente a figura do papa Xoán XXIII, gran impulsor do concilio e falecido durante a súa celebración. Tamén Enmanuelle Mounier morrera en 1950, pero Casares vai continuar fiel ao seu espírito e ao seu *Esprit*, revista que agrupa o catolicismo de esquerdas *personalista* e á que se vai subscribir en 1966, xa cando é Jean-Marie Domenach quen dirixe a publicación. O mounierismo é importante para Casares pois é un dos ámbitos intelectuais que desenvolven un papel máis vigoroso no impulso do diálogo entre marxismo e cristianismo, unha porta aberta polo Concilio e pola que entrarían moitos cristiáns inconformistas que, tamén nunha elevada proporción, acabarían finalmente afastándose do catolicismo.

Este foi o caso de Casares, quen a mediados dos anos sesenta vive de forma dramática unha fe coa que quere actuar en estrita e xuvenil coherencia. Queda un interesante testemuño destas angueiras na correspondencia que mantén daquela con Piñeiro (Alonso 2017). Son cartas nas que lle comunica experiencias persoais como as que vive co padre Totosaus, un cura marxista catalán que chegou á Limia en moto e co que Casares irá percorrer as aldeas máis pobres da zona de Montereí, Cualedro e Verín. Nesas cartas exprésalle a Piñeiro o seu interese cada vez maior polo marxismo, non tanto como filosofía pero si como “praxe” liberadora, como camiño necesario e urxente para cambiar as vidas daquelas pobres xentes labregas. Vese apremiado naqueles anos por unha incontible necesidade de acción política e chega a dirixirse a Piñeiro en termos bastante duros sobre o que xulga inoperancia do galeguismo desde o punto de vista político. Para solucionar este problema aventura a posibilidade de converter o galeguismo universitario nunha especie de movemento social-cristián que non limite a súa actividade á formación, aos debates e á creación cultural, senón que entre de cheo na acción política de oposición.

Nestes anos Casares le avidamente unha copiosa literatura ensaística sobre marxismo, catolicismo, existencialismo... Entre os libros daquel tempo que conservou na súa biblioteca ata a fin dos seus días figuran autores como Marx, Engels, Trotski, Louis Althusser, Marta Hanecker, Gramsci, André Gorz, Gilles Martinet ou Maurice Dobb. E hai toda unha subsección bibliográfica que se ocupa directa ou tanxencialmente dos temas e problemas do diálogo entre cristiáns e marxistas, a través de autores naquel momento moi influentes entre os círculos cada vez máis amplos de católicos inquedaos e incentivados polo Concilio, como Roger Garaudy, Karl Rahner, Jean-Yves Calvez, Jean Lacroix, Enrique Miret Magdalena, José María González Ruíz e, por suposto, José Luís López Aranguren, con quen un Casares xa dirixente estudantil compartiu en Santiago de Compostela unha detención policial que os convertería en amigos e cuxo libro *El marxismo como moral*, publicado en 1968, foille de gran axuda a Casares e a moitos católicos

antifranquistas para demarcar os amplos territorios nos que, sen traizoar a súa fe, resultaba factible a colaboración cos marxistas. Son tamén estes os anos nos que, como dirixente da Asociación Democrática de Estudiantes, coñece, ademais de Aranguren, a outros católicos antifranquistas como Gregorio Peces Barba, Pedro Altares e outras persoas que en 1968 participan na creación de *Cuadernos para el Diálogo*, publicación que foi, xunto con *Triunfo*, a revista máis importante e plural da oposición durante os últimos anos da ditadura.

Casares recoñecería máis tarde que os anos da súa etapa marxista, guevarista, filocomunista, supuxéronlle un distanciamento de Piñeiro, quen o intentara disuadir sen éxito da súa nova orientación ideolóxica. Seguiron véndose e tratándose con amabilidade e Piñeiro, como director de Galaxia, non dubidou en publicarlle de inmediato *Vento ferido*, pero sobre a relación pairaba *aquel tema*, o tema do marxismo, do que nin o un nin o outro falaban, aínda que ambos tivesen ganas de facelo, probablemente por medo a que a distancia medrase.

A posición de Piñeiro sobre o comunismo non obedecía a motivos de tipo visceral ou emotivo, senón a discrepancias ideolóxicas fondas, a concepcións radicalmente diferentes do home, da historia, da sociedade, do Estado. E, por suposto, á concreción práctica que adquiría a aplicación das ideas comunistas nas sociedades nas que os seus defensores chegaran ao poder. Piñeiro é un convencido e razoable anticomunista, moi na liña dun Raymond Aron ao que le con frecuencia naquela época. A súa posición sobre o comunismo aparece ben sintetizada nunha carta que lle escribe a Basilio Lourenço en 1964 e que transcribiu Miguel Barros no segundo volume do estudo que lle dedicou. Di Piñeiro nesta carta:

Respecto do marxismo eu vexo dúas dimensións distintas: a de doutrina filosófica e socioeconómica, interesante e útil no plano teórico, i a de forza política operante no mundo. Como forza política operante, a súa realidade verdadeiramente poderosa é o comunismo. Pero ocorre que o Estado comunista –que é a forma triunfante do Estado marxista– representa xustamente a forma extrema do Estado totalitario e [...] teño que ver nel a forma máis eficiente da tiranía política sobre a sociedade. Non é por ese camiño político polo que eu procurarei a realización da xustiza e da liberdade, os dous valores que dignifican ao home en canto ser social (Barros 2009: 469-470).

Ademais do marxismo e o comunismo, é o nacionalismo o outro gran asunto de debate que vai determinar o afastamento definitivo da órbita piñeiriana de varios mozos a principios e mediados dos anos sesenta, aínda que non será ese o caso de Casares. Como é sabido, Piñeiro procede a unha revisión profunda dos postulados nacionalistas do galeguismo prebélico. Faino en sintonía coa súa análise da

nova situación xeopolítica derivada do triunfo aliado na guerra, da frustración das operacións postas en marcha desde 1944 para rematar co réxime de Franco e da consolidación do escenario de *guerra fría* e da política de bloques. Para Piñeiro o futuro de Galicia está inextricablemente vencellado ao futuro dunha Europa unida e federal na que os estados nacionais vaian perdendo poder e competencias e abrindo paso así a unha maior presenza e afirmación das comunidades culturais non estatais. Piñeiro entende a Europa futura como federación de pobos e comunidades culturais máis que como agregación cooperativa dos vellos Estados. Pero o importante deste horizonte é que o concepto de soberanía, esencial para calquera nacionalismo, estatal ou non, veríase diluído a medida que os Estados nacionais fosen cedendo competencias tanto cara ao goberno federal europeo como cara ás súas unidades culturais internas. Nestes momentos, Piñeiro considera o nacionalismo unha doutrina anacrónica e definitivamente asociada ás potencias derrotadas na Segunda Guerra Mundial. En consonancia cos pensadores, organizacións e grupos que daquela constituían o Movemento Europeo, de cuxas propostas, actividades e publicacións está moi ao tanto, Piñeiro cre que se a Europa lle queda algunha posibilidade de configurarse como un espazo autónomo en relación con Estados Unidos e a Unión Soviética, as dúas grandes superpotencias da guerra fría, un espazo politicamente democrático-liberal, socialmente avanzado e cultural e lingüisticamente plural, esa posibilidade pasa pola creación dunha Europa forte e unida que só poderá organizarse baixo os principios do federalismo. Esta é a *terceira vía* de Piñeiro entre uns Estados Unidos que non acaban de gustarlle e unha Unión Soviética que non lle gusta en absoluto.

Tense dito acertadamente que Piñeiro e en xeral o mundo galaxiano utilizan Europa como unha metáfora da democracia e da singularidade de Galicia en oposición á España franquista, fortemente antieuropea (Fernández 2000). Isto é así, pero tamén é certo e non menos importante que Europa, esa futura Europa unida e federal que Piñeiro albisca, constitúe para el o único horizonte político no que Galicia, como realidade cultural diferenciada, poderá sentirse libre e cómoda.

Este galeguismo europeísta de Piñeiro non conleva a ubicación de España como referente negativo. Piñeiro xa en 1962 difunde nunha carta a Xan Facal a necesaria compatibilidade identitaria entre Galicia, España e Europa. Di alí que “somos galegos por natureza, españois por historia e europeos por cultura” e que non hai razóns para renunciar a ningunha desas tres identidades. Para Piñeiro o problema era Franco, a ditadura e unha visión de España uniformizadora e excluínte, forxada sobre o exclusivo molde lingüístico e cultural dunha Castela mítica e xa inexistente. Pero Piñeiro nunca confundiu España con Franco.

É posible que estas posicións, que forman parte do cerne do pensamento de Piñeiro, lle ocasionasen algunhas dúbidas a Casares nos seus anos máis proclives

ao comunismo, anos que coinciden tamén cos do seu entusiasmo cos focos guerrilleiros que intentan propulsar movementos de liberación nacional en América Latina. Pero o certo é que nunca chegou a sentir proximidade cara un partido como a UPG que naqueles anos era, polo menos no plano teórico ou ideolóxico, o máis parecido a un intento de emular en Galicia as loitas anticolonialistas do Terceiro Mundo. No que se refire aos seus compromisos partidarios, nestes anos Casares militou moi intensamente na Asociación Democrática de Estudiantes e tivo algún tipo de actividade, pouco ou nada documentada, no intento de crear unha rama galega do Frente de Liberación Popular, o chamado Felipe. Foi desde a ADE desde onde tivo protagonismo na organización do célebre recital de Raimon no estadio universitario en 1967 e tamén foron as súas actitudes contestatarias, como se dicía daquela, as que motivaron a súa expulsión do colexio de Viana do Bolo onde obtivo o seu primeiro traballo como profesor e a conseguinte prohibición de exercer a docencia en todo o distrito da Universidade de Santiago. Daquela a súa ficha policial catalogábo como “comunista de tendencia filochina”, o cal non deixa nun lugar moi lucido aos informantes dos que dispoñía a Brigada Político-Social (Calvo 2003).

Por suposto, o proceso formativo e autoformativo de Casares non se limitou ao campo do político, se ben é certo que entre a mocidade dos anos sesenta e setenta non se produce unha delimitación rotunda entre o político, o literario, o artístico, o familiar, o académico, o relixioso, o erótico e as experiencias máis estritamente persoais. De toda esa constelación de vivencias entrecruzadas e marcantes deu conta Casares en *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), novela que é tanto un exercicio de memoria persoal como de crónica dunha xeración que probablemente foi, xunto coa da República, a máis marcada en toda a Galicia do século XX pola paixón política e polo predominio consciente e asumido das categorías ideolóxicas como criterio enxuzador. En *Xoguetes* aparecen numerosos nomes propios, de todo tipo, que poderían servir para facer un mapa das referencias comúns a esta xeración dos 60, tamén se podería dicir do 67 ou do 68. Referencias literarias como Simone de Beauvoir, André Malraux, Albert Camus, Sartre, Méndez Ferrín ou Françoise Sagan; alusións apenas veladas a Ramón Piñeiro, Peces Barba, Pedro Altares ou González Ruiz, así como citas explícitas de Che Guevara, Vicente Risco, Aranguren ou Joaquín Ruiz Giménez, de revistas como *El Ciervo*, *Cuadernos para el Diálogo*, *Informations Catholiques Internationales* ou *Le Nouvel Observateur*, de músicos como Muddy Waters, John Coltrane, Charlie Parker ou Duke Ellington, entre outras moitas. Hai en *Xoguetes*, en cambio, moi poucas alusións á universidade. E as que hai non son positivas. A facultade non era lugar moi frecuentado por Casares e eran poucos os profesores aos que eu lle escoitei lembrar con verdadeiro cariño. Benito Varela Jácome, por exemplo. Pero o certo

é que a aprendizaxe literaria e a formación humanística de Casares transitaron por outros espazos e tamén por outros interlocutores. Arcadio López-Casanova e Salvador García-Bodaño, Xavier Carro e Luís Mariño... Eses son os compañeiros de lecturas e conversas cos que vai tecendo complicidades e disensos, debullando lecturas, compartindo películas e músicas. Escritores italianos da escola neorrealista como Cesare Pavese, Vasco Pratolini, Elio Vittorini ou os franceses xa citados, entre os cales vai ser Albert Camus quen o marque de forma máis especial e duradeira, non só como escritor senón tamén como emblema dunha esquerda democrática e non dogmática.

III

Casares escribe *Xoguetes* entre os anos 1972 e 1975, cando xa vive no que considero a segunda etapa do seu itinerario intelectual, marcado desta vez pola recuperación plena da relación con Piñeiro, polo coñecemento de Suecia a partir do seu matrimonio con Kristina Berg e polo proceso de transición que se abre en España coa morte de Franco e que supón tamén o intrincado proceso de pactos e negociacións para a consecución do Estatuto de Autonomía para Galicia. El mesmo declarou no libro de conversas con Tucho Calvo que o contacto con Suecia supuxo para el unha especie de conmoción que lle fixo abandonar definitivamente as súas simpatías por modelos como o cubano ou o que daquela aínda estaba vixente nos países do Este de Europa. Desde as súas intensas e repetidas experiencias escandinavas e ata a fin da súa vida, Casares vai ser un convencido socialdemócrata. “O socialdemócrata” é mesmo como lle chamaban con certa retranca e como indicando unha rareza digna de ser sinalada co dedo algúns dos seus compañeiros nacional-comunistas do instituto de Cangas, nunha época na que non abundaban os que admitían a súa afinidade ideolóxica co socialismo democrático (Fernández 2017: 58-59). Estes son tamén os anos nos que a relación de amizade con Piñeiro estréitase ata o punto de que chegarán a falar, cara a cara ou por teléfono, practicamente a diario. Casares manterase sempre á beira de Piñeiro nos anos da transición e compartirá e asumirá con el decisións que ambos sabían que poderían ser mal recibidas por diferentes sectores da esquerda e do nacionalismo, como singularmente o foron o manifesto de Realidade Galega e, sobre todo, a aceptación da invitación dos socialistas galegos, xa reunidos maioritariamente no PSdeG-PSOE, para iren nas súas listas como galeguistas independentes nas eleccións ao primeiro Parlamento Galego.

Casares modifica nestes anos de forma radical o seu modo de entender a política. Comprométese a fondo co obxectivo prioritario das forzas de oposición naqueles anos, que non é outro que alumear da forma menos violenta posible un réxime democrático e constitucional homologable ao dos países máis avanzados

de Europa que inclúa, ao tempo, unha solución de autogoberno aceptable para as nacionalidades históricas. É no Parlamento de Galicia cando acaba de comprender que a clave da política democrática consiste en dialogar e chegar a acordos para resolver problemas. E que isto ten que facelo non cos seus correligionarios, senón con persoas e grupos que profesan ideas completamente distintas ás súas, ideas que, para colmo, resultan tan lexítimas como os valores que as inspiran e, por tanto, non son anulables mediante a condena ideolóxica ou o xuízo moral. O que confirma Casares nos anos da transición é algo que xa aprendera en Suecia: que o pluralismo ideolóxico, político e de valores é a esencia das democracias liberais e que a tolerancia é a única virtude que pode converter en aceptable a renuncia, sempre desagradable, a ter toda a razón e a impoñerlle ao mundo a vontade propia. O Casares da Transición *liberalízase* politicamente da man de Piñeiro, como farán moitos militantes das utopías revolucionarias dos anos sesenta e setenta. E como farán tamén, aínda que probablemente non coa mesma intensidade, moitos cadros medios e altos do último franquismo, forzados a aceptar a fin do réxime no que medraran e a procurar un lugar ao sol na nova situación. Este é, máis alá doutros moitos aspectos que non é cousa de tratar aquí, un dos secretos máis obvios da Transición en Galicia e no conxunto de España.

Estas cuestións subxacen probablemente en *Ilustrísima*, novela de 1980 que, como xa se ten dito moitas veces, é un magnífico artiluxio narrativo en torno á cuestión da tolerancia e da intransixencia emprazado nun contexto xeográfico próximo e nun contexto histórico o suficientemente distanciado e, ao tempo, recoñecible que fai máis eficaz a súa lectura. Casares faise cargo en *Ilustrísima* da complexidade das situacións históricas, sobre todo daquelas situacións cacofónicas, nas que o ruído provocado polos odios ideolóxicos enxordece e perturba mesmo aos que non participan deles.

Publica tamén *Os escuros soños de Clío*, un pequeno libro divertido e xenialoide que transloce tanto o seu gusto pola historia, un mundo que o fascinaba, como a súa irreverencia cara ela. *Os escuros soños de Clío* é un divertimento que talvez teña tamén un moito de afirmación da autonomía da literatura e do compromiso do escritor, entendido agora xa non ao xeito sartriano senón como arbitrario exercicio de creación en liberdade, posicións que xa viña defendendo ao longo dos anos setenta nos seus lembrados comentarios críticos na sección “A ledicia de ler” publicada no xornal *La Voz de Galicia*.

IV

A terceira etapa casariana iniciaríase a partir da súa asunción da dirección xeral de Galaxia. Esta é a etapa na que vemos un Casares máis volcado no afortalamiento das institucións culturais galegas nas que lle é dado participar. É como se

collese o relevo de Piñeiro, morto en 1990, naquela teima tan piñeirista de afirmación dun entramado institucional vigoroso e sólido para a lingua e a cultura galegas. Nesta última etapa da súa vida, Casares vai ser sobre todo un intelectual público, de presenza case ubicua nunhas institucións cuxos traballos van comprometer boa parte do seu tempo. Primeiro, Galaxia, a editorial, á que acode todas as mañás para despois de xantar, ir dar as súas clases ao instituto. Accede á dirección nun momento difícil, coa editorial avellentada e sometida xa á competencia de novos selos, algúns deles apoiados por fortes estruturas privadas que actúan en toda España. Naquel momento está bastante só desde o punto de vista cultural e político. A comunidade literaria galega, hexemonizada por un nacionalismo que se sentía perdedor no proceso da transición e da construción da autonomía, tende a mirar con desconfianza e mesmo con hostilidade ao piñeirismo e, con el, aquel buque-insignia da súa obra, que é Galaxia. Cos poucos colaboradores dos que daquela dispón, intenta e consegue sacar á editorial da situación próxima á depresión na que se atopa. O que fai fundamentalmente é profesionalizar e modernizar toda a súa estrutura, creando departamentos cuxos responsables se reúnen periodicamente e poñendo en marcha unha rede comercial. Manuel Janeiro e Paco Mantecón apréstanse a renovar os deseños, mentres el mesmo imaxina e pon a funcionar novas coleccións, contacta con novos autores, revitaliza a presenza nas librerías dos clásicos, renova *Grial* cun novo e activo consello de redacción.

Despois de Galaxia e *Grial* están a Fundación Penzol, a Real Academia Galega e máis tarde o PEN Clube, a Asociación Galega de Editores, a Fundación Caixa Galicia, o Consello da Cultura Galega, por citar só as principais institucións nas que participa. Creo que ninguén discute a importancia do seu traballo como reorientador desta última institución, o Consello da Cultura Galega, que foi sen dúbida, entre todas as entidades que citei, a que máis o ilusionou e a que máis satisfaccións lle deu. En vinculación con todo este labor institucional, aparece unha nova faceta de Casares. Aparece o Casares-ponte. O tipo de bo talante que non ten problemas en falar amigablemente con uns e con outros, que escoita con atención e practica con notable éxito a arte da pacificación, que leva a cultura galega a lugares e ámbitos onde outros non chegan. Ten que convivir moito con Fraga, aquel antigo ministro da ditadura que agora gaña eleccións por maioría absoluta abandeirando un galeguismo eficaz e populista. Pero logra manter o Consello libre de inxerencias políticas e incrementar moi notablemente os seus recursos, a pesar de que lle nega a Fraga o seu desexo de publicar en Galaxia un daqueles libros que Fraga publicaba.

La Voz de Galicia ofrécelle desde 1992 a oportunidade de publicar unha columna diaria. Revélase entón o extraordinario columnista de “Á marxe”, que xa se albiscaba desde os anos 70, con aquela estupenda “A ledicia de ler”. Nestes

anos Casares pasa de ser un escritor coñecido a ser un escritor popular e querido que reconcilia día tras día a moita xente coa lingua esquecida ou agochada. Ademais dos artigos de “Á marxe”, tan vivos e tan bos que cada ano que pasa son mellores, publicou tres grandes novelas durante os seus quince últimos anos de vida. *Os mortos daquel verán*, un alarde de alta precisión técnica ao servizo dunha historia que invita a ler doutro xeito, máis microscópico, a guerra civil; *Deus sentado nun sillón azul*, trágico retrato dun fascista que non é Vicente Risco, detallada reconstrución ambiental dunha posible burguesía republicana galega e convite novelado para a reflexión sobre os intelectuais no século XX; *O sol do verán*, outra traxedia, desta vez sobre o amor imposible, ou simplemente sobre o amor. Escribiu tamén *Un país de palabras*, que non é unha novela pero que se le como se o fose: textos excelentes que retratan a amigos como Basilio Losada, Vicente Risco ou Ramón Piñeiro, a escritores como Cunqueiro, Torga ou Torrente Ballester, a personaxes como Deus, sempre tan presente, aínda que fose en forma de oco ou sentida ausencia, na vida adulta de Casares.

A sona e a popularidade adquiridas nos seus últimos anos de vida converteron a Casares nun home moi requirido polos medios de comunicación, que o chamaban con moita frecuencia para recadar as súas opinións sobre os asuntos máis variopintos. A Casares parecíalle unha frivolidade que os medios de comunicación, incluídos os reputados como serios, outorgasen de forma mecánica o selo “intelectual” a persoas que se dedicaban, como el, a escribir novelas. Pero o mesmo lle ocorría cos que se dedicaban a componden poemas, a pintar cadros, a actuar no cine e nos teatros, a dirixir películas ou a componden cancións e que, fóra dunha maior ou menor destreza na realización destas actividades, non presentaban ningunha outra credencial que os facultase para opinar cabalmente sobre asuntos de calquera índole. Pero aínda lle parecía moito máis frívolo que fosen tantos os escritores e artistas de todo tipo que aceptasen con naturalidade que un xornal ou unha emisora de radio os chamase para que, na súa condición de *intelectuais*, emitisen o seu ditame sobre un proxecto de lei, un asunto científico ou un programa de televisión, tanto ten. Preguntábase que interese público podía ter a opinión dun poeta sobre, poñamos por caso, a adopción do euro como moeda común europea, e facíalle graza que se lle concedese o mesmo valor a esa opinión que á dun experto en economía e, por suposto, moito máis que á dun albanel ou un taxista. Pero sobre todo o que lle facía graza era a actitude do poeta de turno, quen parecía moi consciente e convencido da importancia das súas opinións sobre política monetaria. O propio Casares participaba, como non podía ser doutro xeito, dese xogo mediático, aínda que nalgunha ocasión optaba cortesmente por non pronunciarse sobre asuntos que apenas coñecía e dos que, por tanto, non tiña unha opinión suficientemente fundada. Era insólito que pontificase sobre o que

non sabía. Cando nalgunha tertulia xurdía un tema que descoñecía, limitábase a escoitar con atención e se se lle solicitaba a súa opinión admitía a súa ignorancia e contaba unha anécdota que sempre viña ao caso. Era soñador e imaxinativo, pero nada *fantasma*. Con todo, aínda que estas cousas o fixeran rir, e ás veces enroibecer, non eran para el un motivo serio de preocupación. Si o foi, en cambio, a cuestión da *responsabilidade do intelectual*, que mesmo chegou a converterse en tema principal da súa penúltima novela, *Deus sentado nun sillón azul*.

V

Casares era un progresista que confiaba na posibilidade de que o mundo mello-rase. Era unha confianza modesta e chea de limitacións e dificultades. Non cría que a historia, tan inclinada a xerar situacións caóticas e violentas, tivese ningún tipo de destino prefixado. Confiaba no progreso económico, material e técnico como soportes dunha prosperidade social na que albiscaba un poderoso factor de pacificación da vida. Pero era moi consciente de que a democracia, que entendía como un extraordinario avance civilizatorio, era á súa vez unha construción política enormemente fráxil cuxas costuras podían desgarrarse en calquera momento polas máis variadas razóns, desde a desigualdade social ou o egoísmo dos poderosos ata os odios nacionais e ideolóxicos. Por iso era socialdemócrata e talvez por iso mesmo non se sentiu atraído polo nacionalismo. Tampouco era exactamente iso que algúns chaman *optimista antropolóxico*. Cría saber que a maioría da xente era boa, ou “apta para o ben”, pero tamén que todos levamos dentro iso que el chamaba con frecuencia “o bicho” e que o bicho, esa estraña inclinación ao mal presente incluso entre os mellores podía aparecer e saír fóra case sen previo aviso, xerando situacións como as que produciron a Segunda Guerra Mundial ou a guerra civil, que é o tema de *Os mortos daquela verán* e o pano de fondo de *Deus sentado nun sillón azul*. Casares era un progresista, si, pero un progresista trágico, se se me permite esta expresión que é case un oxímoron.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Girgado, Luís (2017): “Epistolario cruzado Carlos Casares-Ramón Piñeiro (1963-1978)”, en Luís Cochón, Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais (eds.), *Carlos Casares: homenaxe. De amicitia*. Cadernos Ramón Piñeiro XXX-VII. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 471-534.

- Barros, Miguel (2009): *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. T. II: *Acción política*. Vigo: Galaxia.
- Calvo, Tucho (2003): *Carlos Casares. O conto da vida*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Casares, Carlos (1975): *Xoguetes pra un tempo prohibido*. Vigo: Galaxia.
- Fernández, Carlos (2000): *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.
- (2017): “Casares, Grial e outras ledicias”, *Grial* 213, 58-59.
- Judt, Tony (2007): *Pasado imperfecto. Los intelectuales franceses 1944-1956*. Madrid: Taurus.
- Platas Tasende, Ana María (1998): “Conversación con Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino* 21, 15-26.